

## A Cámara presenta *Ferrol en cifras 2009*

**Ferrol. 15/04/2010.** A Cámara de Comercio de Ferrol presentou esta mañá ***Ferrol en cifras 2009***, un traballo elaborado polo seu departamento de estudos que recolle, trata e analiza os principais indicadores estatísticos dos municipios da comarca.

O presidente da entidade, Francisco Cruz, destacou que o obxectivo deste estudo é facilitar a un público non especializado, principalmente empresarios e emprendedores, unha serie de indicadores que lles permitan achegarse á realidade social da comarca e lle facilitellen a adopción de decisións de investimento.

*Ferrol en cifras* recolle información xeográfica, demográfica e socioeconómica —procedente tanto de fonte estatísticas como do contacto directo cos concellos— que se estrutura nos seguintes apartados: territorio e medio ambiente; datos demográficos; educación; cultura, lecer e participación social; servizos sociais; saúde e benestar; datos macroeconómicos; traballo e desemprego e empresas.

No apartado empresarial o informe reflicte a existencia de cerca de oito mil seiscentas empresas, o 82% das cales pertencen ao sector servizos, o 12% á construción e só un 6% dedícanse a actividades industriais.

Este tecido produtivo caracterízase polo predominio das microempresas, con menos de dez traballadores, e, en canto á súa forma xurídica, dos autónomos —máis dun 66%— fronte ás sociedades mercantís, en xeral.

No ámbito laboral, advírtese que a temporalidade caracteriza á contratación, especialmente no sector servizos que presenta, ademais, os índices de desemprego máis elevados.

